

Os segredos para crear a  
túa páxina web sen ter  
coñecementos previos

**Título:** *Os segredos para crear a túa páxina web sen ter coñecementos previos.*

**Autor:** *Anxo Sánchez García*

**Licenza Creative Commons:** Atribución-Non comercial-Compartir igual 4.0 Internacional (CC BY-NC-SA 4.0).

#### Es libre de:

- **Compartir:** copiar e distribuír o material en calquera medio ou formato.
- **Adaptar:** mesturar e transformar o material.

#### Nos seguintes termos:

- **Atribución:** Debes dar o recoñecemento apropiado, fornecer un vínculo á licenza e indicar se se fixeron cambios.
- **Non comercial:** Non podes utilizar este material para propósitos comerciais.
- **Compartir igual:** Se transformas o material, debes distribuír as súas colaboracións coa mesma licenza.



## Ola!

Antes de comezar **os meus parabéns.**

Parabéns por ter dado o paso e lanzarte á piscina. Por ter en mente **construír unha páxina web** que sexa o pilar fundamental do teu proxecto dixital.

**Son Anxo Sánchez, deseñador de páxinas web con WordPress.** Axudo a emprendedores coma ti a ter unha web profesional que voe, teña visibilidade e consiga clientes a través de internet.

Se nalgún intre tes problemas para seguir esta guía, non entendes algo ou tes dúbidas, non teñas medo e fálame en [ola@anxosanchez.com](mailto:ola@anxosanchez.com).

Agora si, comezamos!

A quen vai dirixida?



Esta guía está dirixida a **usuarios sen coñecementos técnicos** previos en deseño web, WordPress ou programación. Se non es un usuario avanzado non te preocupes, guiareite ao longo de toda a publicación para que ti mesmo poidas implementar todos os consellos que contén.

É recomendable que saibas, iso si, moverte un mínimo no teu ordenador. Descargar e instalar recursos, xestionar arquivos e entender o funcionamento dun navegador web.

A través de **6 bloques temáticos** móstroche os aspectos máis destacados para que ti mesmo poidas crear o teu sitio web.

Ao rematar esta guía serás capaz de contratar o dominio e o hosting dunha web, poderás instalar a teu propio WordPress, saberás configurar de xeito básico a instalación e como xestionar o tráfico que chega por primeira vez ao teu blogue.

Intentarei facelo dun xeito sinxelo e comprensible para que fiquen todo claro e poidas tomar as mellores decisións, xa que os primeiros pasos son os máis importantes.

# 1. Achegándonos a WordPress.

## Que é WordPress?

WordPress é o Xestor de Contidos (ou CMS) máis elixido do mundo, **estando presente no 33% das páxinas webs** que existen.

Un CMS non é máis que unha aplicación que facilita a publicación e a xestión dos contidos na túa web. É un sistema intuitivo dirixido a un amplo abano da poboación, non restrinxido a programadores ou informáticos. Nel, ti mesmo produces e publicas contido sen ter que recorrer a terceiros.

Un CMS é o que permite crear unha páxina web sen ter que exclusivamente programar desde cero en HTML, CSS ou PHP.



## Como funciona WordPress?

**WordPress é o núcleo central**, o piar máis importante, a peza fundamental que fai que todo funcione como debera. É quen controla e xestiona todos os contidos e as accións que leva a cabo unha páxina web.

Con WordPress podes crear todo o necesario do teu sitio web.


Podes crear as páxinas que mostrarán información máis ou menos estática e que terán sempre unha estrutura similar a esta:

- **Home:** a portada ou páxina principal.
- **Sobre min:** racha a barreira. Preséntate tal e como es sen formalismo nin ocultar a túa mensaxe.
- **Servizos/productos:** que valor achegas, a quen axudas e como vas resolver os seus problemas.
- **Contacto:** dá facilidades para que che falen. Desde o mítico formulario até unha conexión vía WhatsApp.
- **Outras páxinas:** *landing page* de vendas, páxinas legais, etc.

E tamén crearás todo o contido dinámico a través dun blogue. Pero...

## Que é iso dun blogue?

Un blogue é unha plataforma que **permite crear e publicar os teus propios contidos**. É a ferramenta perfecta para comunicar o que ti queiras, tanto a nivel profesional como persoal.



No caso que nos ocupa o blogue estará incluído dentro de toda a estrutura do noso WordPress, polo que no mesmo panel que controla as páxinas estáticas, tamén crearás artigos (ou *posts*, ou entradas, son sinónimos).

Ese artigo estará ordenado mediante categorías e etiquetas, que serán as que indiquen (a xeito de índice interno) sobre que estamos a falar.

Se o fas ben, serán estes contidos de valor os que che axudarán a ser visible en Google e os que leven tráfico orgánico (é dicir, o que sae nos resultados de búsqueda de Google e non está patrocinado ou pagado) a túa web.



## Como instalar WordPress?

Existen varios xeitos de instalar WordPress, pero hoxe só veremos brevemente dous deles.

O **primeiro xeito é moi sinxelo**. Se a empresa de hosting *\*(no seguinte punto falaremos delas)* o ten dispoñible, elixe instalar WordPress automaticamente mediante un instalador (como por exemplo *Softaculous* ou *Installatron*).

The screenshot shows the WordPress installation form. At the top, there is the WordPress logo and the text "WordPress". Below this, there are five stars, the version number "Versión : 5.0.3", and the release date "Release Date : 09-01-2019". A navigation bar contains tabs: "Instalar" (selected), "Descripción", "Características", "Pantallazos", "Demo", "Puntuaciones", "Comentarios", and "Importar". Below the navigation bar is the "Formulario de Instalación" section, which includes a "Quick Install" button. The form has three main sections: "Seleccione Protocolo" with a dropdown menu set to "https://", "Dominio" with a dropdown menu set to "anxosanchez.com", and "Directorio" with an empty text input field. Below the "Directorio" field, it says "El directorio es relativo al dominio y".

Verás unha imaxe como a anterior e deberás completar os seguintes campos:


- Dominio.
- Nome e descrición do sitio.
- Lingua.
- Nome e contrasinal do administrador.

E xa estaría. Xa terías o teu WordPress instalado!

Sinxelo, verdade?

O **segundo xeito de instalar WordPress** é algo máis complicado, pero a modo informativo descríbóche os pasos que debes dar:

- Descargar todos os arquivos da instalación de WordPress da web [wordpress.org](http://wordpress.org).
- Mediante un cliente FTP (*ufff, isto xa soa difícil!*) como Filezilla subir os arquivos ao teu hosting.
- Crear unha base de datos para realizar a instalación.
- Configurar os datos básicos. Unha vez os datos son correctos, xa el só se instala no servidor.



Tendo en conta que posuímos coñecementos limitados, **optaría sempre pola primeira opción.**



## 2. Dominio e Hosting

Antes de entrar en faena imos explicar 3 conceptos básicos que debes coñecer.

## Dominio

É o nome que identifica a túa web na rede. É dicir, é a palabra ou conxunto de palabras que escribimos nun navegador para acceder a unha páxina web, e ás que lle colocamos unha extensión (.com, .org, etc.)

Por exemplo, no caso da miña web o dominio é [anxosanchez.com](http://anxosanchez.com).

Polo momento non entrarei máis en profundidade en que dominio utilizar, mais recorda que o nome que elixas vai condicionar tamén a túa estratexia dixital. **Pénsao ben!**

A utilidade dos dominios é fundamental, porque sen eles sería imposible recordar as direccións das páxinas web.

### E isto por que?

Porque as direccións das webs en realidade son unha serie de números chamadas IP. Os dominios o que fan é conectarnos con esas IP's de xeito sinxelo e intuitivo a través dun sistema chamado DNS.

## Sistema DNS

É aquel que se encarga de buscar en bases de datos distribuídas ao longo do mundo a IP que corresponde con cada dominio que a xente busca no navegador.

Isto é ben sinxelo.

Se a miña web ten realmente asignada unha IP como esta (*estouma inventando :P*) 123.123.123.123, **recordar isto para un usuario pode ser imposible**. En cambio se dicimos que a esa IP se lle asigna un dominio como anxosanchez.com e o servidor DNS xa se encarga de traducir automaticamente ese dominio nesa IP...

A cousa cambia!

## Hosting

É un servidor onde se almacenan os arquivos dunha páxina web. Por entendernos: cando dicimos que imos contratar un hosting o que realmente estamos a facer é alugar un pequeno anaco dun disco duro dun ordenador situado nalgún lugar do mundo e utilizar unha parte da súa potencia de procesamento.

Ese ordenador nunca se apaga nin perde a conexión (ou non debería) polo que a web sempre está online.

## Unha oferta case infinita

Escoller entre algunha das empresas que ofrecen servizos de hosting **non é tarefa sinxela**. Adoitan ser dúas cuestións fundamentais as que nos levan moitas veces a confusión: o prezo e a cantidade excepcional das existentes.


Pero nunha oferta tan grande **non todas son boas opcións**.

Déixame dicirche unha cousa: non escatimes no hosting. Un mal hosting pode provocar:

- Lentitude extrema, o que non só é prexudicial para o posicionamento en Google, senón que os teus potenciais clientes liscarán aburridos de tanto agardar. Se entras a unha web e logo de 3-5 segundos aínda non se mostrou, ti que fas? Posiblemente peches a fiestra.
- Erros continuos e caídas.
- Un mal soporte técnico. Que pasa o día que teñas un problema?

E dito doutro xeito: que che debe ofrecer un servizo de hosting?

- Instalación automática de WordPress, tal e como vimos antes.
- Panel de control intuitivo (recomendo os que poñan tipo CPanel).
- Discos duros SSD (fíxate se isto está entre as súas características).
- Soporte técnico permanente vía teléfono ou chat en vivo.
- Período de devolución por se non ficas satisfeito.



## E cales uso eu?

Vou recomendar dúas empresas que ofrecen servizos de hosting especializado en WordPress:

**Dinahosting**: empresa de Santiago de Compostela con panel de control propio e un moi moi bo soporte técnico.

Hosting especializado en WordPress a un prezo moi competitivo e outros plans maiores para webs que precisen máis recursos técnicos. O trato sempre moi correcto e nunca me deixaron tirando ante unha incidencia. Recomendoo!

**Raiola Networks**: empresa máis nova cun grande crecemento e con sede en Lugo. Soporte técnico telefónico e WordPress autoinstalable.

Ofrécenos 4 plans diferentes para WordPress. Desde un plan máis modesto de 5,95€/mes até un máis avanzado de 11,95€/mes.

Unha das cousas que máis me gusta de Raiola son as solucións que teñen no seu blogue. Probaches a buscar algo sobre WordPress en Google? Aí saen eles nas primeiras posicións case sempre!



# 3. Temas e Plugins

Recompilemos:

1. Aprendemos por que elixir WordPress e para que serve.
2. Contratamos un dominio e un hosting.
3. Instalamos WordPress nel.

Toca montar de verdade a nosa web. Para iso precisamos un tema (ou plantilla) e uns plugins.

## Un tema (ou plantilla)

Está composta por unha serie de arquivos que conteñen a información precisa para que o sitio web se mostre dun determinado xeito con fondos, tipografías concretas, cores escollidas, o logo da túa empresa, etc.

É a parte visual da páxina web, a que nós debemos deseñar e configurar.

Imos dicir unha obviedade: elixir unha boa plantilla -un bo tema- é un factor fundamental para todo proxecto dixital. E nin é unha tarefa sinxela nin é unha tarefa rápida.

Existen centos, miles, decenas de miles (mmm, igual me pasei) de

plantillas distintas.

Existen plantillas de balde e de pago.

Algunhas son moi pesadas e o seu aprendizaxe é lento e tedioso. Outras son lixeiras e optimizadas.

Existen até sitios de internet que non son outra cousa que mercados de plantillas, como [ThemeForest](#).

Igual que no caso do hosting, non debes pensar que comprar un bo tema é un gasto. **É un investimento que a longo prazo agradecerás.**


Os temas gratuítos adoitan ter presentacións moi chulas pero a súa optimización e personalización pode ser longa e tediosa, e acadar un resultado final como o ofrecido nas imaxes de presentación é tarefa complicada.

**Polo tanto eu recomendo elixir un tema de pago ou premium.**

Moitos temas premium son chamados *multipropósito*. Aqueles que conteñen moitas opcións e extras que fan que se poida adaptar a moitos tipos de negocios diferentes, que utilizarán unhas ou outras opcións segundo lles conveña PERO que eu

tampouco recomendo. Porque utilices ou non un recurso, este cárgase, ocupa espazo e ralentiza a web.

A miña recomendación é utilizar un tema lixeiro e orientado ao SEO, como [Generate Press](#), e un construtor visual para personalizar a web ao teu gusto e só cos elementos precisos.



## Un plugin


É un pequeno programa ou un conxunto de arquivos con fragmentos de código que realizan unha serie de funcionalidades que WordPress por si só non sería capaz de realizar.

Dito doutro xeito, axúdannos a mellorar as funcionalidades da nosa páxina web sen ter que programalas a man.

Existen miles de plugins no repositorio oficial de WordPress, desde onde se poden descargar de xeito gratuíto. **Na data da escritura desta guía superábanse os 54.000.**

Tamén existen plugins premium para funcionalidades avanzadas que serán moi interesantes para construír unha web optimizada e profesional.


Grazas a eles podemos configurar tendas online, reservas e citas, galerías de imaxes, botóns para partillar o contido en redes sociais, engadir pasarelas de pago, foros ou zonas privadas só para usuarios rexistrados.



Existen tantos plugins como funcionalidades poidas imaxinar, pero entre tanta oferta debes saber elixir ben:

- **Identifica o que precisas:** non instales plugins que non sexan estritamente necesarios. Aumentan o peso da páxina web e engaden funcións innecesarias (algo que queremos evitar non comprando un tema *multipropósito*).
- **Busca os plugins axeitados:** a oferta é bestial. Se buscas “*contact form*” saen 3808 resultados. A miña recomendación para escoller os mellores é fixarse en:
  - **Data da última actualización:** se leva moito tempo sen actualizarse foxe del. Pode ter fallos de seguridade ou incompatibilidades coa versión de WordPress.
  - **Instalacións activas:** canta xente confía nel? Se moita xente o instala e o usa, posiblemente sexa unha boa opción.
  - **Valoración media:** proba social pura e dura. Fíxate nos comentarios e se a valoración é boa entón estás ante unha boa opción!

A continuación un exemplo: o constructor visual Elementor. Actualizacións constantes, máis de 5 millóns de instalacións activas e unha puntuación asombrosamente excelente.



The screenshot shows the WordPress plugin page for Elementor. The plugin is titled "Live Page Builder For WordPress". The version is 2.4.3, and it was last updated 3 hours ago. It has over 1 million active installations. The plugin is compatible with WordPress 4.7 or higher and PHP 5.4 or higher. It has a rating of 5 stars based on 2,283 reviews. The page also shows a video player and a description of the plugin as a live page builder.

Versión:	2.4.3
Última actualización:	hace 3 horas
Instalaciones activas:	1+ millón
Versión de WordPress:	4.7 o superior
Probado hasta:	5.0.3
Versión de PHP:	5.4 o superior
Idiomas:	<a href="#">Ver todos los 52</a>
Etiquetas:	drag-and-drop editor elementor landing page page builder
<a href="#">Vista avanzada</a>	

**Valoraciones** [Ver todas >](#)

★★★★★

5 estrellas	2.283
4 estrellas	72
3 estrellas	29
2 estrellas	16
1 estrella	53

Quen vai discutir que este non é un bo plugin?

Comproba que tal funcionan na túa web: aínda que teñan boas opinións debes comprobar se non alteran o funcionamento ou o deseño da túa web.



O meu **TOP5** de plugins:

**Elementor:** o mellor construtor visual que existe nestes intres baixo a miña perspectiva. Eu utilizo a versión PRO (50\$ por web deseñada). Podes maquetar cabeceira, pé de páxina, páxinas estáticas, entradas do blogue, produtos da tenda online...

É brutal!

E non só iso, nas últimas actualizacións inclúen a posibilidade de crear popups o que vai axudar unha barbaridade na captación de subscritores. Conseguirá Elementor desbancar a Thrive Leads? Veremos.

**Rank Math:** un plugin de SEO emerxente que vén pisando forte. Desde el podes optimizar o contido de páxinas e entradas. Tocar os títulos e as metadescripcions (as palabras que aparecen na previsualización de Google).

Configura as preferencias de indexación, crea os sitemaps e o arquivo Robots.txt. Habilita as faragullas de pan. Xestiona as URL's. E moitas opcións máis. Son consciente de que algúns termos son algo avanzados para esta guía mais serán tratados de maneira pormenorizada no blogue.

**Updraft Plus:** xestiona as copias de seguridade da túa web e das bases de datos. Completamente indispensable esta ferramenta de seguridade que permite almacenar de xeito externo versións seguras da nosa web e restauralas se é preciso.

E todo isto sen ter que mergullarse na base de datos buscando os erros ou os virus.

**WP Rocket:** outro TOP dos plugins de optimización. Xestiona os recursos para favorecer a carga acelerada da túa páxina web a través de diferentes técnicas. A configuración pode ser excesivamente complicada para un usuario novel polo que a miña recomendación é que se pida consello a un deseñador web.

Se contratas o teu hosting con Siteground ou con Raiola eles mesmo teñen plugins de caché propios que che recomendo utilizar: *SG Optimizer* (Siteground) ou *LiteSpeed Caché* (Raiola).

**Block Bad Queries:** No que se refire a plugins de seguridade hai moitos e moi variados pois como sabes a seguridade é un factor fundamental para o teu sitio web. Hai que evitar a toda costa os intrusos e as infeccións polos máis diversos virus. A sinxeleza deste firewall para WordPress fai que apareza nesta lista. Só precisa ser instalado e xa funciona.


# 4. Imaxes, Cores e Tipografía

Estou convencido de que este é un dos temas máis recorrentes á hora de deseñar unha web e desde logo un dos que máis chama a atención cando nos atopamos navegando nun portal con aparencia pouco profesional.

Pode suceder que mesmo dándolle a isto a importancia que ten, facendo o traballo que está na túa man, a configuración da túa plantilla non permita transmitir correctamente o que estaba na túa cabeza.

Existen múltiples erros na utilización das imaxes, cores e tipografía:

- **Falta de calidade.** Que transmite unha imaxe pixelada ou distorsionada?
- **Contido demasiado xunto.** As páxinas webs deseñadas hai anos adoitan non respectar as mínimas marxes para que resulte lexible.
- **Tipografías pouco lexibles** e múltiples cores que danan a vista.



## Imaxes

As imaxes deben ter varias características fundamentais que debes aprender a valorar como merecen porque é un dos factores máis determinantes á hora de atraer e seducir aos teus potenciais clientes.

Unhas boas fotografías son sinónimo dun aspecto profesional, sensación de calidade e boa opinión de quen está detrás da web. Si, de ti, do propietario do negocio.

Indicaría 3 ideas a ter en conta:

**Unha boa imaxe pero que pese pouco.** As imaxes en boa calidade e resolución adoitan ser moi pesadas. Canto ocupa cada unha? Posiblemente unha barbaridade. Isto ocupa espazo innecesario no hosting, penaliza no posicionamento e na navegación móbil pode ser un inferno.

É preciso optimizalas antes de colocalas na túa web.


Para isto podes reducir o seu tamaño (non creo que precisas imaxes de máis de 1080px de ancho) e o seu peso con programas de edición de imaxe, utilizando plugins ou unha ferramenta online chamada [Tiny PNG](#).

**Utiliza imaxes propias.** A miña recomendación é que utilices as túas propias imaxes. Da túa cara, do teu equipo, do teu espazo de traballo, do teu escaparate, dos teus produtos... foxe das imaxes xenéricas de bancos de imaxes porque se nota (moito!!) que non son fotografías túas e isto non engade confianza precisamente.

No caso de precisar imaxes xenéricas recorda mercalas ou utilizar imaxes con licencias libres (non as saques directamente de Google!).

Aposta por fotografías que poñan o foco no que queres destacar e non coloques estridencias.

**As imaxes guían ao usuario.** Existen xeitos de captar a atención do usuario para que se fixe no que nos interesa. Por exemplo, se colocamos a unha persoa mirando cara un título os usuarios adoitarán fixarse máis nese título de xeito automático.



## Cores

Cada cor transmite unhas sensacións distintas e atinar con esa elección é fundamental para que a web reflicta os valores e a filosofía do teu negocio. Ademais, se tes un logo deberías cinxir a utilización de cores aos presentes nese logo, pois é a túa identidade visual.

- **Amarelo** asóciase á ledicia, á riqueza, á enerxía, á felicidade e ao optimismo.
- **Laranxa** asóciase ao éxito, ao ánimo, ao entusiasmo, á determinación e á creatividade.
- **Rosa** asóciase á infancia, ao romance, ao amor e en xeral a moitas calidades femininas.
- **Vermello** asóciase ao poder, á paixón, á fortaleza, á enerxía e ao amor.
- **Verde** asóciase á harmonía, á frescura, ao equilibrio, á estabilidade e á fertilidade.
- **Lila** asóciase á riqueza, á ambición e ao luxo.
- **Azul** asóciase á estabilidade, á calma, ao descanso, á profundidade, á lealdade, á sabedoría e á intelixencia.

Tendo isto en conta debes utilizar as combinacións de cores que mellor se adaptan ao que queres transmitir nese intre e, sobre todo, ao que queres que faga o usuario.

O meu consello é utilizar a menor cantidade de cores posibles para evitar a sobrecarga e a confusión. Por exemplo, dous tons de azul (claro e escuro) e un laranxa combinados cos textos en negro e fondos en branco/gris.

Combina as cores escollidas con cores neutras (escala de grises) que servirán para a separación de bloques e crear divisións. Reserva as cores máis rechamantes para atraer a atención do lector sobre ligazóns, botóns ou chamadas á acción.


Podes realizar boas combinacións de cores na aplicación online de [Adobe Color CC](#) ou revisar as cores utilizadas por importantes marcas e empresas en [Brand Colors](#).

Neste 2019 van predominar no deseño as paletas de cores con tons intensos e brillantes, utilizando moito a técnica do degradado pero sempre mantendo a coherencia co anteriormente comentado.

Non satures ao usuario!



Cores coherentes.



Cores non coherentes.

## Tipografías

A tipografía debe ser, por enriba de todo, **lexible**.

Serve para transmitir a túa mensaxe, non para decorar un palacete románico.

Non é un decorado!

E coida o tamaño das fontes. O título principal debe estar moi destacado sobre os subtítulos, e estes destacados sobre o texto. O tamaño ademais variará entre cada fonte polo que deberás ir axustando para chegar ao valor adecuado.

A miña recomendación é que a tipografía dos títulos e do corpo sexan distintas e utilices este recurso para rachar a monotonía do texto e que o lector non fiquen durmido mirando interminables textos sen nada que lle chame a atención. **Racha a monotonía!**

Para rematar este punto douche 3 consellos:

- **Non xustifiques os textos** (*na túa web, nos ebooks podes* 😊). Sei que fica moi bonito e cadrado o texto xustificado pero pode ser mortal para a túa web. Por unha banda dependendo da lonxitude da liña poden xerarse moitos

espazos en branco (sobre todo na versión móbil) e pola outra, o texto xustificado dificulta a lectura e o cambio de liña. Nunca te fixaches que ningún xornal na edición dixital xustifica os textos?

- **Non abuses das maiúsculas.** Non abuses delas. Non poñas os títulos en maiúscula agás necesidade ou técnica específica. Úsaa de xeito puntual para dar maior protagonismo a unha idea ou para contrastar elementos.
- **Usa as grosas** para resaltar e chamar a atención do lector

Deixoche 3 exemplos de tipografías que combinan moi ben. Son un valor seguro nos teus deseños.

**Playfair Display para os títulos**  
Open sans para os textos

**Roboto Slab para os títulos**  
Raleway para os textos

**Poppins para os títulos**  
Roboto para os textos

# 5. Fidelización e Subscritores

Este é un aspecto fundamental unha vez que tes en marcha a túa web e recibes visitas interesadas xa ben nos teus servizos, nas entradas que escribes semanalmente no teu blogue ou simplemente persoas que por casualidade ou lercheo entran a ver que tal che vai.

Pero ao principio serán moi poucas.

Non tes autoridade, non consigues posicionarte nos primeiros postos de Google e as redes sociais do teu proxecto están baleiras. Apenas tes amigos e familiares como seguidores.

Que fas para cambiar isto?

Ben, o primeiro que debes ter claro é que escribir un blogue é a ferramenta máis poderosa para conseguir lectores. Será quen che xere tráfico, visitas cualificadas e reputación. Isto tarda unha serie de meses en suceder pero existen certas actuacións que poden acelerar este proceso paralelamente a xerar bos contidos onde aportes valor aos lectores.

- En primeiro lugar **pásate por blogs do teu sector** e achega, comenta, debate. Pero de xeito sincero e co teu estilo persoal. Non sexas un bot.

- **Fai posts colaborativos** con persoas do teu sector. Estes estarán interesados en mover ese artigo onde falan entre as súas redes de contactos.
- **Redacta artigos para bloggers máis potentes.** Escribir no seu blogue a cambio dunha ligazón ao teu atraerá visitas e reputación. Ademais moita xente que non che coñece poderá ver quen es por primeira vez.
- **Comparte en redes sociais.** Interactúa cos referentes do teu sector e patrocina contidos (con coidado, que a cousa en Facebook Ads xa non é como antes).

Vale, xa tes as túas primeiras visitas, os teus primeiros comentarios nas entradas do blogue (recorda responder a todos e seguir aportando valor). Pero é moi probable que ese lector que entrou un día non volva xamais pola túa web.

A non ser que crees unha...





## Lista de subscritores

É fundamental que teñas unha lista de subscritores porque son persoas que demostran un interese especial no que fas. Porque é o xeito de contactar con eles máis alá dunha primeira visita á web. Porque é a vía que tes para que volvan ler o que escribes e sobre todo, porque é o xeito de converter aos teus lectores en clientes.

Esta lista de subscritores debes tela activa desde o primeiro minuto creando un produto dixital (tamén chamando lead magnet) que lle entregarás aos teus lectores a cambio de captar o seu email.

Sóache isto, verdade? Se tes na túa man este texto é porque eu tamén utilicei esa técnica contigo.

Esta lista crecerá aos poucos e poderás ter relación con ela cando queiras. Por exemplo cada vez que publiques no teu blogue poderás enviare un email. Se tes 100 subscritores e o 25% abre o teu email e fai clic na ligazón, terás 25 visitas que doutro xeito sería moi difícil conseguir.

É un erro definitivo non ter preparada a túa lista de subscritores.

Faime caso:

- Leva tráfico a túa web.
- Capta os emails dos teus lectores mediante un lead magnet.
- Achega valor, información e recursos útiles aos teus subscritores. Non fagas spam.

Existen diferentes ferramentas útiles para captar estes emails (Elementor ou Thrive Leads) e outras para xestionar a túa lista (Mailchimp).

Verémolo en profundidade noutra ocasión.



# 6. Conclusiones

## Quero agradecer que chegases até aquí

Cada apartado pode ser desenvolto noutro ebook desta ou de máis extensión pero non é o obxectivo desta guía.

Ao longo destas páxinas vimos por que é tan potente WordPress, como instalalo no noso propio hosting, que tema e plugins utilizar, como facer un uso responsable de imaxes, cores e tipografías e como xestionar visitas e subscritores.

Sei que o inicio de todo proxecto é duro, eu tamén pasei por iso. Se queres que che axude nesa tarefa pódeme falar en [ola@anxosanchez.com](mailto:ola@anxosanchez.com).

Aportarei toda a miña experiencia e formación para guiarte no teu proxecto dixital.

Axudareiche a crear a túa marca persoal a través da confianza e a autoridade.

Guiareite para que desenvolvas un blogue onde transmitas todo o valor que tes.

Se aínda cres que non é o momento de lanzarte á piscina, pásate polo meu [blogue](#) onde semanalmente falo de WordPress e deseño web. **Lémonos nos comentarios!**

Gostas da guía? Que mellorarías?  
Escribeme a [ola@anxosanchez.com](mailto:ola@anxosanchez.com) e cóntamo 😊.  
Estareiche moi agradecido!

<https://www.anxosanchez.com/>